

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, A MANCOMUNIDADE VOLUNTARIA DE CONCELLOS DA COMARCA DE OURENSE E A MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL VOLUNTARIA SANTA ÁGÜEDA, PARA A CESIÓN DE 2 MÁQUINAS HIDROSTÁTICAS DESTINADAS Á PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS.

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte a Consellería de Medio Rural, representada neste acto pola Conselleira de Medio Rural, María José Gómez Rodríguez, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Pola Mancomunidade Voluntaria de municipios da comarca de Ourense, representada neste acto polo presidente, José Antonio Blanco Pérez, actuando no seu nome e representación en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Pola Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria Santa Ágüeda, representada neste acto polo presidente, Manuel Rodríguez Vázquez, actuando no seu nome e representación en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Todas as partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura deste convenio e, para estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro. A Consellería do Medio Rural, conforme o disposto no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27, apartado 10; que dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución española.





Segundo. As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e prevención e extinción de incendios.

Terceiro. A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establece as medidas preventivas que facilitan a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural.

Así, no artigo 8 establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición.

Tamén no artigo 59 establece que: "A Xunta de Galicia colaborará coas entidades locais para a prevención e a extinción de incendios, ben a través de medios propios ben por medio de mecanismos de apoio económico.

A Xunta de Galicia incluírá nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma dotacións económicas para a sinatura de convenios de colaboración cos concellos para a redacción dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais nos termos establecidos no artigo 16 e para a realización de traballos preventivos en vías e montes de titularidade municipal e na xestión da biomasa das parcelas de propietario descoñecido, determinadas en análises da propiedade de conformidade co establecido no artigo 16.2, e co fin de que poidan ter recursos para exercer as competencias previstas nela consonte o artigo 331.1 da Lei 5/1997, do 5 de agosto, de administración local de Galicia".

Cuarto. O 23.04.2025 asinouse o convenio entre a Consellería do Medio Rural , a Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria do Ribeiro, a Mancomunidade de Municipios da comarca de Verín, a Mancomunidade de municipios da comarca do Carballiño e a Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria Terra de Celanova, para a cesión de 4 máquinas hidrostáticas destinadas á prevención e extinción de incendios. Este convenio tiña como orixe o Protocolo asinado o 07.02.2024 entre a Consellería do Medio Rural e a Deputación Provincial de Ourense para o desenvolvemento de actuacións conxuntas dirixidas ao mantemento e a conservación das infraestruturas preventivas e da contorna agroforestal para a prevención e defensa contra os incendios forestais.

A cesión das 4 máquinas hidrostáticas realizouse como complemento ao convenio asinado coas mesmas mancomunidades o día 08.04.2025 para a o desenvolvemento dun programa piloto no que se establecen 16 brigadas de prevención e extinción de incendios por un período de 6 meses. Esta experiencia realizada no ano 2025





permitiu constatar o bo funcionamento do modelo combinado brigadas de 6 meses xunto con maquinaria que se evidenciou:

- Pola mellora da capacidade de actuación preventiva mediante traballos planificados e executados con apoio de maquinaria especializada e da actuación operativa ao estar dotadas estas máquinas de depósitos de auga que son usados na extinción de incendios.
- E polo aproveitamento eficiente de recursos, derivado da coordinación territorial a través de mancomunidades, e a complementariedade entre medios humanos e mecánicos.

Á vista dos resultados acadados e co propósito de consolidar e ampliar un modelo xa demostrado eficaz e replicable, o 23.04.2026 asinouse un novo convenio para a implantación de brigadas de 6 meses ao longo do ano 2026. Nel mantense a participación das catro mancomunidades iniciais e incorpóranse dúas novas mancomunidades que manifestaron o seu interese nesta colaboración: a Mancomunidad Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense e a Mancomunidad Intermunicipal Voluntaria Santa Águeda. O obxectivo para 2026 é:

- Incrementar a cobertura territorial das actuacións preventivas en zonas de risco e necesidade operativa. O ano 2025 estivo marcado por unha situación de especial gravidade en materia de incendios forestais na provincia de Ourense, con episodios simultáneos de grandes incendios e un nivel de emerxencia que requiriu reforzos extraordinarios de medios e unha coordinación interadministrativa intensiva.
- Reforzar a capacidade de resposta dos medios e garantir a continuidade dos traballos preventivos e de defensa contra incendios, en coordinación co Servizo Provincial de Incendios Forestais.

Quinto. A Consellería do Medio Rural ten dispoñibilidade para poder ceder "máquinas hidrostáticas polivalentes" novas adquiridas mediante contrato adxudicado por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada de "subministración de máquinas hidrostáticas polivalentes novas, susceptible de ser cofinanciada ao 60 % no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027, Obxectivo Político OP2, Prioridade P2a, Obxectivo Específico RSO2.4, Liña de actuación 2.4.05" formalizado o 06.05.2025 e cuxa entrega se realizou o día 11.09.2025.

Sexto. Por todo o exposto, e en coherencia co esquema operativo implantado no ano 2025, co obxecto de garantir que as novas mancomunidades incorporadas dispoñan de medios equivalentes para a execución das actuacións de prevención e defensa contra incendios, propónse a cesión de dúas máquinas hidrostáticas, nas condicións establecidas nas cláusulas deste convenio de cesión.





Para a selección destas mancomunidades, tívose en conta aquelas que teñen entre os seus fins a prevención e extinción de incendios; e dentro destas, aquelas cuxos concellos teñen ampla experiencia na colaboración coa Consellería do Medio Rural nos últimos anos mediante a sinatura dos "convenios interadministrativos entre a Consellería de Medio Rural e as entidades locais para a realización de actuacións de prevención e defensa contra os incendios forestais". É importante salientar ademais que preto do 21 % do número de lumes do ano 2025 na provincia de Ourense tiveron lugar no Distrito Forestal (XII) no que se sitúan estas mancomunidades.

Sétimo. No marco deste convenio de colaboración, a Consellería do Medio Rural, concreta a cesión en propiedade ás mancomunidades de municipios seleccionadas, de dúas máquinas hidrostáticas que permiten reforzar os traballos de prevención e extinción de incendios. A cesión terá a consideración de axuda en especie ao abeiro do previsto na disposición adicional terceira da Lei 9/2007, do 13 de xuño, polo que queda suxeita ás previsións desta lei, sen prexuízo das especificidades da xestión orzamentaria que regulamentariamente resulten de aplicación.

A cesión da maquinaria formalizarase, logo da sinatura deste convenio, mediante acta subscrita pola persoa titular da secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural ou persoa funcionaria en quen delegue.

Oitavo. A colaboración que se pretende con este convenio, de claro interese público e social, susténtase no Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA), que reflicte a política e as medidas para a defensa dos terreos forestais e das áreas de influencia forestal, incluíndo o plan de prevención. Este plan contempla como particularidade o emprego de diversos instrumentos para poder levar a cabo as accións que se programan, posto que non se limita á execución das actuacións con medios propios da Consellería do Medio Rural senón que emprega medios doutras administracións e os apoia mediante a sinatura de convenios.

A concesión directa destas subvencións deriva de que a realización do maior número posible de actuacións preventivas é de interese, non só para as administracións asinantes, senón para a cidadanía en xeral, dado que, estas tarefas, contribúen a minorar e mesmo a evitar as consecuencias económicas e ambientais dos incendios forestais; que constitúen unha grave ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio dos propietarios particulares forestais e de comunidades de montes veciñais, senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural

As mancomunidades de municipios seleccionadas cumpren os requisitos para obter a condición de beneficiarias desta subvención, de acordo do disposto no artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





E, en virtude do exposto, as partes recoñécense capacidade para comprometerse, en virtude deste convenio, consonte as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

1. Este convenio ten por obxecto establecer o marco de participación e de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a Mancomunidad Voluntaria de concellos da comarca de Ourense e a Mancomunidad Intermunicipal Voluntaria Santa Águeda, mediante a concesión dunha subvención en especie que consiste na entrega de 2 máquinas hidrostáticas para a prevención e extinción de incendios forestais.
2. As dúas máquinas hidrostáticas polivalentes estarán destinadas á realización de traballos de prevención contra os incendios forestais, así como para o seu emprego como vehículos de apoio ás labores de defensa e extinción de incendios.
3. O custo total de cada máquina ascende a 326.833,33 €, incluído o 21% de IVE, segundo a resolución do 19 de marzo de 2025 da Consellería do Medio Rural, pola que se adxudica o contrato para subministración de seis (6) máquinas hidrostáticas polivalentes novas, susceptible de ser cofinanciada ao 60% no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027, Obxectivo Político OP2, Prioridade P2A, Obxectivo Específico RSO2.4, Liña de actuación 2.4.05.

SEGUNDA. *Características das máquinas obxecto de cesión*

1. As máquinas obxecto desta subvención son de nova adquisición e fabricación. Todos os elementos e equipacións contan coas correspondentes certificacións CE, homologacións e autorizacións administrativas esixidas na normativa vixente.
2. As máquinas hidrostáticas polivalentes marca Energreen S.P.A. contan cos seguintes accesorios:
 - Brazo desbrozador telescópico de 6 mt.
 - Cabezal de corte 1,20 mt. Bomba independente (rotación cabezal 180 grados).
 - Suspensión hidráulica de equipos con acumuladores de gas.
 - Conexión hidráulica rápida dianteira para implementos e conexión hidráulica de tomas en placa.
 - Soprador de aire hidráulico regulable.





- Dous depósitos con capacidade de almacenaxe de máis de 3.000 litros
- Bomba de auga de 500 l/min a 10 BAR.
- Bomba de presión somerxida en tanque.

TERCEIRA. *Compromisos das mancomunidades de municipios*

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas da entidade beneficiaria:

1. Aceptar a máquina mediante a sinatura da acta de cesión.
2. Cumprir o obxectivo, levar a cabo a actuación, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
3. Asinar os convenios de colaboración que a Consellería do Medio Rural propoña ás entidades locais de Galicia, para as accións de prevención e defensa contra incendios forestais, durante os vindeiros 5 anos; nos que deberán estar incluídas como mínimo as actuacións de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais.
4. Destinar o equipamento ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención detallado na cláusula primeira, punto segundo, durante un período mínimo de cinco anos, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
5. Tramitar ante a Dirección Xeral de Tráfico o cambio de titularidade da máquina conforme a lexislación específica.
6. Asumir a plena titularidade da máquina, as obrigas de conservación e mantemento e calquera outra obriga que derive da súa propiedade, entre elas o pagamento de taxas e impostos a que estea suxeita.
7. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención nos termos establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
8. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
9. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos





artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

10. Subministrar á Consellería do Medio Rural toda a información que se lle requira en materia de transparencia, de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

11. Colaborar e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Autoridade de Xestión do fondo Feder e o Organismo Intermedio, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

12. Cumprir coas obrigas que en materia de publicidade veñen recollidas nos artigos 47 e 50 e no anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1060 (RDC), e no documento "O uso do emblema europeo no contexto dos programas da UE 2021-2027" (https://commission.europa.eu/system/files/2021-05/eu-emblem-rules_es.pdf), co obxectivo de recoñecer a axuda dos Fondos Comunitarios a esta subvención.

CUARTA. *Compromisos da Consellería do Medio Rural*

1. A Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, colaborará coa Mancomunidad Voluntaria de concellos da comarca de Ourense e coa Mancomunidad Intermunicipal Voluntaria Santa Águeda, mediante a cesión dunha máquina hidrostática a cada mancomunidad de municipios indicada, co equipamento que se describe na cláusula segunda.

2. As máquinas foron adquiridas con cargo á aplicación orzamentaria 45.02.551B.623.2 (C.P. 2024 00116) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025 e tiveron un custo unitario de 326.833,33 €, incluído o 21% de IVE.

3. A achega pública ten a consideración de axuda en especie de conformidade co establecido na disposición adicional terceira da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 2.1 desa mesma lei.

Xa que logo a concesión da subvención e a condición de entidade beneficiaria non supón ningún dereito de cobramento senón a entrega en propiedade de unha (1) máquina a cada mancomunidad de municipios beneficiaria para o seu emprego nos labores de prevención e extinción de incendios.





QUINTA. *Xustificación da subvención*

1. Para poder percibir a subvención, cada mancomunidade de municipios deberá presentar unha declaración responsable asinada pola persoa representante da entidade na que se faga constar:

- O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar de contado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
- Que a entidade local non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade beneficiaria está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro, para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia.

- Que teña cumprido o deber de remisión ao Consello de Contas de Galicia das contas xerais do exercicio 2024.

2. A xustificación entenderase realizada cando se proceda á entrega da máquina e á súa formalización mediante acta asinada pola persoa titular da secretaría xeral técnica da Consellería do Medio Rural e a persoa representante da Mancomunidade de municipios, no modelo que se xunta a este convenio. Para estes efectos enténdese por persoa representante, aquela a quen lle corresponda legal ou regulamentariamente a súa presidencia ou a suplencia desta ou a persoa en quen expresamente delegue a competencia para tal acto.

3. A Consellería do Medio Rural poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta da verificación da subvención.

SEXTA. *Prazos de execución e xustificación*

A data límite para a entrega da maquinaria e para a formalización da acta será dous meses a contar dende a sinatura deste convenio.





SÉTIMA. *Perda do dereito ao cobro da subvención*

Producirase a perda do dereito a cobro da subvención pola mancomunidade de municipios beneficiaria no suposto de falta de xustificación, que esta sexa insuficiente ou incompleta, que se atopen deficiencias non emendables na documentación achegada, o incumprimento das obrigas impostas á mancomunidade de municipios beneficiaria neste convenio ou a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

Sen prexuízo de calquera outra circunstancia que derive da normativa correspondente, constitúen en todo caso unha causa de perda do dereito ao cobramento da subvención as seguintes:

- a) Non acreditar, mediante a declaración responsable á que fai referencia a cláusula quinta, que a entidade non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria dunha subvención.
- b) Non ter cumprido o deber de remisión ao Consello de Contas de Galicia das contas xerais do exercicio 2024.
- c) Non personarse no acto de entrega da máquina, no lugar e na data e hora sinaladas polo órgano concedente, ou non asinar a acta de recepción estendida para facer constar a entrega e que o órgano concedente poñerá a disposición da entidade beneficiaria no propio acto de recepción.

OITAVA. *Reintegros*

Procederá o reintegro da subvención nos seguintes supostos:

- a) Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- b) A entidade local comprométese ao reintegro, no caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula terceira deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.
- c) Se as máquinas cedidas non se aplicasen aos fins sinalados ou deixasen de facelo con posterioridade, se descoidasen ou utilizasen con grave quebrantamento das condicións previstas no convenio ou se incumprise calquera das condicións establecidas na regulación da cesión, esta considerarase resolta e os bens reverterán á Comunidade Autónoma que terá dereito a percibir, logo de taxación pericial, o valor dos detrimentos ou das deterioracións que sufrisen.





NOVENA. *Modificación do convenio*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda establecida neste convenio, poderá dar lugar á súa modificación, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.
2. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que exixa a normativa vixente.

DÉCIMA. *Compatibilidade con outras subvencións*

A subvención prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a finalidade de prevención de incendios, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Facultades de inspección*

A Consellería do Medio Rural, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

DÉCIMO SEGUNDA. *Comisión de seguimento*

1. Constitúese unha Comisión de seguimento como mecanismo de actuación conxunta para o seguimento, a coordinación e a avaliación das actuacións estipuladas no convenio .
2. A dita comisión, que se reunirá a petición de calquera das partes, estará integrada por un representante da Dirección Xeral de Defensa do Monte, que a presidirá; pola persoa titular da xefatura de cada distrito forestal que corresponda por razón do territorio; pola persoa titular da xefatura do Servizo de Prevención de Incendios Forestais de Ourense e por unha persoa en representación de cada unha das Mancomunidades.
3. O dito órgano colexiado rexerase polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.





DÉCIMO TERCEIRA. *Causas de resolución*

1. O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- e) Calquera outra causa prevista nas leis

DÉCIMO CUARTA. *Vixencia do convenio*

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia durante o período mínimo de cinco (5) anos de duración da obriga de destino do ben, contado a partir da data da acta de cesión.

DÉCIMO QUINTA. *Publicidade do convenio*

1. Este convenio será obxecto de publicación e inscrición, de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, as partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan nel, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de transparencia e goberno aberto.

2. Comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.





DÉCIMO SEXTA. *Protección de datos*

As partes asinantes virán obrigadas, en materia de protección de datos, a cumprir co Regulamento (UE) núm. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Os datos de carácter persoal aos que se teña acceso en virtude deste convenio serán tratados por ambas as dúas partes asinantes coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no exercicio de poderes públicos conforme á normativa recollida nas cláusulas do convenio e ás referencias recollidas na páxina <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso á rectificación e supresión os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou de xeito presencial, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Así mesmo, en aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e a integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, a perdas, a tratamentos ou a accesos non autorizados.

DÉCIMO SÉTIMA. *Réxime Xurídico*

Este convenio ten carácter administrativo e réxese polas súas cláusulas e, no seu defecto, estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos principios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento





administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

As posibles discrepancias que poidan xurdir na súa aplicación e/ou interpretación resolveranse por diálogo directo entre as partes ou pola Comisión de seguimento. As controversias non resoltas serán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan este convenio, no lugar sinalado no encabezamento.

A conselleira do Medio Rural
María José Gómez Rodríguez

O presidente da Mancomunidade
Voluntaria de municipios da comarca de
Ourense

José Antonio Blanco Pérez

O presidente da Mancomunidade
Intermunicipal Voluntaria Santa Águeda

Manuel Rodríguez Vázquez





ACTA DE FORMALIZACIÓN DA CESIÓN EN PROPIEDADE DUNHA MÁQUINA HIDROSTÁTICA CON EQUIPAMENTO DESTINADA Á REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS.

En Santiago de Compostela, na data da súa sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, Marta Forés Lojo, secretaria xeral técnica da Consellería do Medio Rural

Doutra parte, NOME E APELIDOS, na súa calidade de presidente/a da Mancomunidade de NOME ENTIDADE

En cumprimento do establecido no convenio de colaboración asinado o DDMMAAA, que instrumenta a subvención en especie concedida á mancomunidade de NOME ENTIDADE pola Consellería do Medio Rural, consistente na cesión en propiedade dunha (1) máquina hidrostática marca Energreen S.P.A., coa dotación mínima que se establece na cláusula segunda, punto dous do convenio; fan constar o seguinte:

De acordo co disposto na disposición adicional terceira da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entregas de bens ou dereitos ou a prestación de servizos adquiridos ou contratados coa finalidade exclusiva de entregalos a terceiros e que cumpran os requisitos establecidos nas letras a), b) e c) do artigo 2.1 da citada norma legal, terán a consideración de subvención en especie.

Neste sentido, as máquinas hidrostáticas marca Energreen S.P.A. teñen como finalidade a súa cesión ás entidades locais de Galicia para o cumprimento por parte destas dunha finalidade de carácter público, como é o desenvolvemento das competencias ou servizos en materia de prevención e extinción de incendios. Polo tanto, considéranse subvención en especie e, de conformidade co previsto no convenio que instrumenta a súa concesión, a cesión formalizarase mediante acta subscrita pola persoa titular da secretaría xeral técnica da Consellería do Medio Rural, ou persoa en quen delegue, e pola persoa representante da mancomunidade de municipios beneficiaria.

Se as máquinas cedidas non se aplicasen aos fins sinalados ou deixasen de facelo con posterioridade, se descoidasen ou utilizasen con grave quebrantamento das condicións previstas no convenio ou se incumprise calquera das condicións establecidas na regulación da cesión, esta considerárase resolta e os bens reverterán á Comunidade Autónoma que terá dereito a percibir, logo de taxación pericial, o valor dos detrimentos ou das deterioracións que sufrisen.

Así, e para os efectos sinalados, procédese á sinatura da acta de cesión en propiedade á Entidade NOME ENTIDADE dunha (1) máquina hidrostática polivalente marca Energreen S.P.A. con equipamento mínimo para o desenvolvemento das tarefas de prevención e extinción de incendios forestais:

a) Matrícula: CONSIGNAR A MATRÍCULA

b) Bastidor: CONSIGNAR O NÚMERO DE BASTIDOR

c) Dotación:

- Brazo desbrozador de corpo telescópico de mínimo 6 m. de alcance, instalado na parte dianteira da máquina, non podendo estar colocado na parte traseira da cabina permitindo ao operador operar sempre na dirección de avance.
- Cabezal de 1,20 m de corte, con bomba independente.
- Rotación 180 graos do cabezal para poder traballar nas dúas direccións.





- Suspensión hidráulica de equipos con acumuladores precargados con gas.
- Conexión hidráulica das tomas nunha soa placa, que permita a unión do equipo á máquina con todas as conexións hidráulicas.
- Conexión hidráulica rápida para os implementos na parte dianteira de máquina.
- Soprador de aire hidráulico regulable en inclinación e separación do bordo dereito da máquina.
- Dous depósitos, coa súa ficha técnica correspondente, con almacenamento mínimo 3.000l entre os dous.
- Rendemento de bomba de auga mínimo de 500l/ minuto a10Bar.
- Bomba de presión de auga mergullada en tanque.
- Presión máxima bomba de auga 16Bar.
- Bomba de carga de auga depósitos, mínimo 1000l/minuto.
- Mínimo dez (10) mangueras, tramos de 20 metros, con boca Barcelona de 25.
- Enrollador de mangueras.
- Monitor na parte frontal do deposito dianteiro totalmente hidráulico para manexo co mesmo joystick do brazo da máquina.
- Colector de 70 e de 25 na parte frontal no deposito dianteiro para conexión de mangueras.
- Conexión en depósito anterior e posterior con racor Barcelona de 70 para nodriza.
- Desaugadoiros de enchido nos tanques de auga.
- Ordenador de a bordo para control dos datos do motor.

d) A máquina entrégase co imposto municipal sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) correspondentes ao exercicio 2025, aboado con base nos recibos emitidos polo Concello de Santiago de Compostela e coa rotulación (logotipo da Xunta de Galicia de acordo coa imaxe corporativa oficial e os logos correspondentes ao fondo europeo que cofinancia a adquisición da máquina) acompañada da seguinte **documentación**:

1. Tarxeta de inspección técnica e permiso circulación
2. Libro de mantemento, instrucións técnicas e manuais de uso e seguridade dos bens obxecto do contrato así como de todo o equipamento e dotacións destes
3. Certificación da garantía que cubrirá todo o esixido sobre o vehículo e o equipamento complementario
4. As certificacións de homologación nacionais e internacionais coas que, no seu caso, conte o equipamento a subministrar
5. Documentación relativa á formación
6. Servizo Técnico do vehículo e do seu equipamento, se é distinto ao fabricante dos mesmos
7. Documento coa descrición do procedemento para o servizo de asistencia técnica post-venta, para casos de notificación de incidencias, recollendo os seguintes datos:
 - Procedemento de actuación en caso de incidencia
 - Medios de contacto (teléfono, fax, correo electrónico) e horarios
 - Localización dos centros de asistencia técnica





A entidade NOME ENTIDADE recibe a máquina descrita, xunto coa dotación e a documentación relacionada, e acepta a obriga de destinala aos traballos de prevención e extinción de incendios forestais e todas as demais establecidas no convenio regulador desta subvención en especie.

En proba de conformidade e da efectividade da entrega e cesión, as persoas comparecentes asinan esta acta no lugar e data consignados na sinatura electrónica.

A secretaria xeral técnica da Consellería do Medio
Rural

Marta Forés Lojo

O/A presidente/a - A persoa representante da entidade
NOME ENTIDADE

NOME E APELIDOS

